

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de xaneiro de 2022**

Ás 18.00 horas do día 20 de xaneiro de 2022, réunese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamatino Barreiro García

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste o deputado do Grupo Popular don César Manuel Fernández Gil (substituído por don Miguel A. Cid Álvarez) nin a deputada do Grupo Socialista dona Susana Rodríguez Estévez (substituída por don Aurentino Alonso Araújo)

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 9 de decembro de 2021.

Non se producen intervencións e coa abstención de dona Margarita Pérez Fernández e don Aurentino Alonso Araújo (por non estar presentes na dita reunión) a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 9 de decembro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta se xa se reactivou se está previsto reactivar a comisión de patrimonio e que mecanismos vai haber para poder trasladar distintas cuestións por parte dos grupos. Quere darlle traslado do traballo que leva feito xente a esta comisión e poder traballar todos en favor do patrimonio. Non sabe se a Área de Cultura desta Deputación é coñecedora de que hai un cabaceiro na Finca Santamariña, e gustaríalles saber se está catalogado oficialmente ou, cando menos, hai constancia del, xa que está localizado nun lugar propiedade da Deputación.

A **presidenta da comisión** contesta que en relación coa segunda pregunta buscará a información pertinente e facilitaralla en canto a teña, e en cando á primeira di que si se está traballando na reactivación da comisión e comunicaráselles no seu momento cando se vaia convocar.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, di que este ano o Club Ourense Baloncesto estando nunha categoría inferior segue mantendo o mesmo orzamento que o ano anterior, polo que queren saber que explicación ten isto, cando, loxicamente, os gastos nunha categoría inferior son menores. E seguindo co COB, di que se anunciara unha ampliación de capital e a Deputación forma parte do seu accionarado, queren saber cando se vai facer esta ampliación de capital e a súa contía e se a Deputación ten pensado ou non aumentar a súa participación dentro do accionarado.

A **presidenta da comisión** toma nota das preguntas e responderanse na seguinte comisión.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta porqué esta Deputación lle deu unha subvención bastante substancial ao COB de 250.000 euros, cando está nunha categoría inferior.

Di que non ano 2022 xa está anunciado que o Día das Letras Galegas será dedicado a Florencio Delgado Gurriarán. Recentemente no pleno desta Deputación se aprobou o apoio para que o Día das Letras Galegas do ano 2023 fose dedicado a Antón Tovar. Recentemente a Xunta de Goberno apoia a candidatura de Xabier Prado Lameiro, que di literalmente o próximo Día das Letras Galegas, queren saber para cando.

A **presidenta da comisión** indica que buscará a información oportuna e na seguinte comisión se pode aclarar.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, di que non lle parece que a Deputación apoie a candidatura de Antón Tovar para o ano 2023 e tamén para Xabier Prado Lameiro, supón que será para anos posteriores. En todo caso parécelles solapar e moi precipitado, polo que quere que se lles aclare para que ano é ese apoio.

A **presidenta da comisión** indica que supón que será para anos posteriores, pero que como non está na Xunta de Goberno non ten moita información ao respecto, pero que llo aclarará na próxima comisión.

E, ás 18.07 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.